

## **CIRCULAR 18-2025.**

### **CONTROL FGA PC- 25/1/2025 (Xornada de tarde)**

**Art.1)** A Federación Galega de Atletismo organiza este control o día 25 de xaneiro de 2025 en Expourense (Ourense).

**Art.2)** Poderán participar atletas con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo, dende a categoría Sub 10.

- En caso de necesidade, realizarase sorteo entre os atletas sen marca.
- Nos concursos e nas carreiras, terán reservado un 50% de prazas aqueles atletas sen marca nas tempadas 2024 e 2025.( de ser aceptados nunha proba non terán preferencia na segunda proba, debendo indicar no campo "observaciones" en que proba desexan participar primeiro ( 1,2,...)

**Art.3)** As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina (<https://atletismorfea.es/user/login-registro>) ata as 20:00 horas do luns 20 de xaneiro.

- Establécese unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.
- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas nas tempadas 2024 e 2025.No caso de superar o límite de prazas terán preferencia os atletas con mellores marcas.

**Art.4)** Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

**Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.**

**Art.5)** Na proba de triplo e peso os atletas terán 4 intentos.

**Art.6)** Cámara de chamadas

**Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto.**

Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

<b>SAÍDA A PISTA</b>	
<b>Minutos antes da hora oficial da proba</b>	
Carreiras	5'
Triplo e Peso	20

**Os atletas deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.**



**Art.7)** Horario: (poderase modificar en función do horario final do campionato de combinadas)

<b>HORARIO CONTROL 25/1/2025- XORNADA DE TARDE</b>				
<b>HORA</b>	<b>CARREIRAS</b>	<b>CAT/MODALIDADE</b>	<b>Peso</b>	<b>Triplo</b>
16:30	600	Sub 16		Mulleres
17:00	600	Sub 16		
18:00	800	Homes		
18:30	800	Mulleres		
19:00			Mulleres	
19:20	400	Homes		
19:45	400	Mulleres		Homes

**Art.8)** A responsabilidade das inscricións dos atletas corresponderá ao seu club, salvo que sexan independentes. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- Nas 48 horas previas e na propia competición, calquera baixa ou a non participación final terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA [servizos@atletismo.gal](mailto:servizos@atletismo.gal) ata 48 horas despois do comenzo da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Inscricións fora de prazo: 6 euros de recargo. A súa aceptación será competencia do director técnico, podendo ser esta denegada. [servizos@atletismo.gal](mailto:servizos@atletismo.gal)

**Art.9)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 13 de xaneiro 2025

Yolanda González Fernández  
**Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo**